

Grupo B outubro 24- xaneiro 25

BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL ROSALÍA DE CASTRO.

SANTA CRUZ



MONOGRÁFICO DE IDENTIDADE E ESPAZOS: OUTRAS FORMAS DE AMAR.

A literatura é un discurso privilexiado á hora de ler, pensar e entender a identidade. A propia, a allea, a construción subxectiva dos mundos que a cada un representan e se presentan como verdadeiros, posibles, ou reais.

LIBRO 1: CANCIONES DE AMOR A QUEMARROPA, de Nickolas Butler
29/10/2024

Un relato maravilloso, emotivo e profundo que trata dun vello tema: podemos sentirnos algunha vez realmente na casa? Unha novela sobre as cousas que importan: o amor e a lealdade, o poder da música e a beleza da natureza.

LIBRO 2: TODO CUANTO AMÉ, de Siri Hustvedt. 12/11/24

A novela emblemática de Siri Hustvedt, o seu fito literario. Unha brillante historia que combina a intimidade dunha saga familiar co suspense dun thriller, e que nos fala da arte, o amor, a perda e a traizón.

LIBRO 3: UN VIEJO QUE LEÍA NOVELAS DE AMOR, de Luis Sepúlveda.
26/11/2024

Antonio José Bolívar Proaño vive en El Idilio, unha localidade remota na rexión amazónica dos indios shuar (mal chamados xíbaros), Con eles aprendeu a coñecer a Selva e as súas leis, a respectar os animais e aos indíxenas que a poboan, pero tamén a cazar o temible “tigrillo” como ningún branco xamais puido facelo. Un bo día decidiu ler con paixón as novelas de amor -«do verdadeiro, do que fai sufrir»- que dúas veces ao ano lle leva o dentista Rubicundo Loachamín para distraer as solitarias noites ecuatoriais da súa incipiente vellez.

LIBRO 4: O ÚNICO QUE QUEDA É O AMOR, de A. Fernández Paz. 10/12/2024

Hai unha trama de fíos invisibles que une as vidas dos personaxes deste novo libro de relatos de Agustín Fernández Paz, ilustrado por Pablo Auladell: Diana, Sara, Pablo, Laura, Adrián... todos se namoran e descubren que o amor é un sentimento poderosísimo, capaz de transformalos por enteiro e facerlles ver a vida doutro xeito. Mais tamén experimentan a amargura do desamor, ou da ausencia, ou dos amores rotos. O amor en todas as súas variantes: desde o primeiro amor adolescente ata o que se mantén máis alá da morte.

LIBRO 5: LA NIETA DEL SEÑOR LINH, de Philippe Claudel. 14/01/2025

Unha fría mañá de novembro, tras unha penosa viaxe en barco, un ancián desembarca nun país que podería ser Francia, onde non coñece a ninguén e cuxa lingua ignora. O señor Linh foxe dunha guerra que acabou coa súa familia e esnaquizou a súa aldea. A guerra rouboulle todo menos á súa neta, un bebé chamado Sang Diu, que no seu idioma significa «Mañá doce», unha nena tranquila que dorme sempre que o avó tararee a súa nana, a melodía que cantaron durante xeracións as mulleres da familia.

**BIBLIOTECAS PÚBLICAS MUNICIPAIS DO CONCELLO
DE OLEIROS/TERTULIAS LITERARIAS DE
*OUTUBRO 24 - XANEIRO 25***

**/ BIBLIOTECA PÚBLICA ROSALÍA
DE CASTRO. SANTA CRUZ.**

GRUPO B